



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (13/2024)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas e dous minutos, do día trinta de outubro de dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.^a M.^a Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela. Actúa como Secretaria en réxime de acumulación: D.^a Ana Ramos Ramos.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Ratificación do cambio de data do Pleno ordinario do mes de outubro.
2. Aprobación da acta da sesión do día 20 de setembro de 2024
3. Adhesión ao convenio da Central de Contratación da FEMP
4. Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Monfero contra o desmantelamento da seguridade preservada pola garda civil na provincia da Coruña
5. Adhesión á declaración institucional da FEGAMP con motivo do Día Mundial da Infancia 2024
6. Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de setembro de 2024
7. Asuntos urxentes
8. Rogos e preguntas

1. RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE OUTUBRO

O Sr. Alcalde en funcións indica que non foi posible convocar o Pleno Ordinario do mes do outubro na data correspondente debido á ausencia por baixa médica do Secretario da Corporación, o que lle comunicou no seu momento aos portavoces do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego aos cales lles agradece a súa comprensión e aproveitando para dar a benvida á Secretaria en réxime de acumulación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación.

Por **UNANIMIDADE**, co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. (3 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 BNG), **ACORDAN:**

ÚNICO.- Ratificar o cambio de data do Pleno ordinario do mes de outubro.

2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se todos teñen a acta e se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello.

A Concelleira do Partido Popular, D.^a María Belén Salido Maroño indica que o seu grupo quere intervir neste apartado, xa que unha vez revisada a acta, comprobamos que non se ciñe completamente ao que sucedeu no apartado de rogos e preguntas, cando se fala do PXOM e o Alcalde en funcións dicía concretamente que no 2015, cando foi o cambio de goberno, que non existía empresa redactora do Plan Xeral, o Sr. Alcalde en funcións responde que sí había, senón que a empresa quería rescindir o contrato.

D.^a María Belén Salido solicita que revise outra vez a grabación e que se axuste o máximo posible, dando lectura ao punto da acta concreto ao que se refire.

O Sr. Alcalde indicalle que él cree que dixo o que poñía na acta

A Sra. Concelleira respondelle que eles creen que sucedeu de outro xeito, polo que solicitan se revise a grabación e deixar a acta pendente para o seguinte pleno.

Coa conformidade da alcaldía e sen manifestacións en contra por ningún dos membros presentes na sesión, **ACORDAN:**

ÚNICO.- Deixar sobre a mesa a aprobación do borrador da acta da sesión do 20 de setembro de 2024, revisar a grabación e incorporar na orde do día do vindeiro pleno para a súa aprobación, se procede.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

3. ADHESIÓN AO CONVENIO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

O Sr. Alcalde en funcións da lectura á proposta de acordo da Alcaldía e explica que dita adhesión ten por obxecto a contratación la iluminación pública, con respecto a este punto e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA

ADHESIÓN A CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

Logo de ver a documentación do expediente 2024/A006/000003 e o modelo para a adhesión á Central de contratación da FEMP que di:

PRIMEIRO: A Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Gobierno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme a redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO: Esta entidade local está interesada na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción o seguinte acordo:

1. Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a devandita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.
2. Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.
3. Remitir o presente Acordo á FEMP para os efectos oportunos.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Aberto o turno de debate, non se producen intervencións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación.

Por **UNANIMIDADE**, co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. (3 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 BNG), **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a devandita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo á FEMP para os efectos oportunos.

4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO CONTRA O DESMANTELAMENTO DA SEGURIDADE PRESERVADA POLA GARDA CIVIL NA PROVINCIA DA CORUÑA

O Sr. Alcalde en funcións le o punto da orde do día.

A moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular contra o desmantelamento da seguridade preservada pola Garda Civil na provincia da Coruña, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión e que se da por lida, transcríbese textualmente a continuación:



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Grupo Municipal Popular

MOCIÓN CONTRA O DESMANTELAMENTO DA SEGURIDADE PRESERVADA POLA GARDA CIVIL NA PROVINCIA DA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular de Galicia leva anos traballando para conseguir a igualdade de oportunidades entre todos os galegos, independentemente do seu lugar de orixe e de residencia, sexa esta en unha cidade ou no noso rural. Da mesma maneira, é unha premisa fundamental dos principios deste partido o compromiso firme coa seguridade cidadá, e o respaldo e respecto ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, moi especialmente á Garda Civil, que se encarga da seguridade nas áreas rurais, sendo o seu papel cruce para o benestar dos veciños nestas áreas para o aseguramento dunhas condicións de vida que contribúan ao mantemento da poboación nesas amplas áreas rurais.

Lamentablemente, as políticas recentes do Goberno de España non están a ser eficaces para manter e acrecentar a seguridade dos cidadáns, xa que, segundo os últimos datos publicados polo Ministerio do Interior, no Balance sobre Criminalidade, a criminalidade no noso país segue aumentando: " no primeiro semestre do 2024, a criminalidade aumentou un 3%, pasando a taxa de criminalidade por cada mil habitantes de 43,9 puntos en 2017 a 51,7".

En Galicia, desde a chegada de Pedro Sánchez á presidencia, a criminalidade aumentou de maneira preocupante. Segundo o último informe do Ministerio do Interior, as infraccións na Coruña subiron un 3%, cun notable incremento na cibercriminalidade (18,7%), subtracción de vehículos (8,2%), roubos con violencia e intimidación (6,4% e furtos (1,4%).

Este incremento non é casual: débese, en parte, ás políticas que favoreceron a impiedade en delitos como a ocupación, as agresións sexuais (coa Lei do "Si é Si " ou a amnistía: a mensaxe que o goberno envía coas súas decisións é que cometer delitos non sempre ten as consecuencias penais que debese. A xestión económica do goberno, particularmente en relación coa a inflación, tamén agravou a situación económica e a combinación de todo iso propicia unha contorna de maior inseguridade e criminalidade.

Nos pequenos municipios e áreas rurais, as dificultades existentes para atopar emprego, a menor dispoñibilidade de servizos e o aumento da inseguridade, agrava o despoboamento e a deterioración rexional. A Garda Civil ten como misión principal protexer estas zonas, especialmente as afastadas dos núcleos urbanos , asumindo competencias en seguridade cidadá. Con todo, os proxectos do Ministerio do Interior



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Grupo Municipal Popular

e do ministro Grande Marlaska son o peche de cuarteis, a redución de horarios e a eliminación de numerosos postos no persoal: a Orde Xeral 25/2023, do 28 de

decembro, que regula as Compañías e Postos territoriais da Garda Civil prevé o peche de varios postos auxiliares, incluíndo catro na Coruña:.

- **Somozas, Cariño e Touro:** tres municipios rurais con menos de catro mil habitantes e con desafíos significativos en termos de despoboamento.

- **A Pobra do Caramiñal:** un municipio costeiro con menos de dez mil habitantes cun serio aumento das cifras de delitos cometidos.

O desmantelamento da Garda Civil en pequenos municipios e zonas rurais afecta gravemente á Coruña. Segundo unha resposta oficial do Goberno de novembro de 2023, “os cuarteis na provincia só ofrecerán atención presencial ao público no horario de 9:00 a 14.30. Fóra deste período, a atención limitarase ás canles dixitais, como internet, vía telefónica ou a través da aplicación AlertCorps” Esta redución é incongruente coas necesidades das comarcas da provincia, que requiren unha presenza constante das forzas de seguridade debido á escaseza de recursos e a dispersión xeográfica. É imperativo que o Goberno manteña a presenza da Garda Civil en todos os municipios, especialmente nas áreas rurais, onde o seu recoñecemento da realidade local e comarcal é crucial para garantir a seguridade e protexer os dereitos e liberdades dos residentes.

Esta decisión do ministro do Interior é aínda máis preocupante se consideramos que, na Coruña, faltan 122 efectivos por completar o catálogo de postos, 213 atópanse en baixa médica e que en toda a provincia unicamente existen 12 postos abertos as 24 horas, segundo a publicación do Ministerio do Interior:

- 5 compañías, 5 PAFIF, 7 postos principais, 3 postos auxiliares e 41 postos da Garda Civil.
- 1.833 efectivos activos na provincia, con 113 efectivos ocupados en situación de reserva, 213 en situación de baixa médica, o que fai un total de máis de 300 axentes ausentes e, xunto coas xubilacións producidas neste pasado ano, o número total de activos redúcese a 1.696 en setembro, segundo unha resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo GPP no Congreso.

Por último, non hai que esquecer en maio deste ano, o Grupo Popular Provincial presentou ante o pleno da Deputación unha moción a fin de que se celebrase unha reunión entre o Delegado do Goberno e os alcaldes da provincia, co obxecto de que se explicase o horizonte a medio prazo da Garda Civil no ámbito provincial, pero a iniciativa foi rexeitada co voto de calidade do presidente da Deputación, facendo



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Grupo Municipal Popular

inviabile unha interlocución directa co máximo representante da Administración do Estado en Galicia.

Por todo iso,

O Concello de Monfero insta o Goberno de España a:

1. Reforzar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os postos da Garda Civil na provincia da Coruña, proporcionando recursos adicionais tanto en persoal como en medios materiais.
2. Establecer unha colaboración efectiva cos concellos da provincia da Coruña para asegurar a adecuada protección da seguridade cidadá.
3. Garantir a atención presencial nos cuarteis da provincia da Coruña durante as 24 horas do día para atender as necesidades dos cidadáns.
4. Evitar o peche de calquera posto na provincia da Coruña.
5. Reforzar de maneira urxente os Postos da Garda Civil en todas aquelas áreas que carecen de Policía Local.
6. Cubrir todas as prazas vacantes no catálogo de postos de traballo para a provincia da Coruña que actualmente están desocupadas.
7. Desenvolver un plan de incentivos profesionais e económicos para atraer axentes aos postos de baixa demanda no medio rural.
8. Utilizar urxentemente as vacantes do persoal en reserva sen destino aumentando a dotación de axentes na provincia da Coruña.

Monfero, a 11 de outubro de 2024


Asdo. María Belén Salido Maroño
Portavoz do Grupo Municipal Popular



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Aberto o turno de debate, non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación.

Cos votos a favor de PP (4), e a abstención do PSdeG-PSOE (3), e BNG (1), por **MAIORIA DE VOTOS FAVORABLES, ACORDAN:**

ÚNICO.- Aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular contra o desmantelamiento da seguridade preservada pola Garda Civil na provincia da Coruña, en todos os seus termos e puntos sometidos a votación.

5. ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2024

O Sr. Alcalde manifesta que se trata de adherirse á Declaración da FEGAMP á que se refire este punto da orde do día que se transcribe textualmente a continuación:



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2024



UN DÍA PARA AVANZAR NO COMPROMISO PARA QUE OS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES VIVAN E PARTICIPEN NUN CONTORNO LIBRE DE VIOLENCIA

ALBERTO VARELA PÉREZ (19-10-2024)
PRESIDENTE
Data de Sinatura: 19/10/2024
HASH: ca89711633888571aed076ca1f6e6a80c

DECLARACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DA FEGAMP

Hoxe, en todo o mundo e en España, os nenos, nenas e adolescentes están a sufrir actos de violencia en todas as etapas da súa infancia en os seus contornos máis cotiás¹, e moitas veces a mans de persoas de confianza ou que teñen o deber de educalos, adestralos, crialos e protexelos. A ameaza é aínda maior para as nenas e as adolescentes, aquelas persoas con algunha discapacidadee quen se atopa en zonas de conflito.

O Consello de Europa estima que 1 de cada 5 nenos enenas sufrirá abuso sexual antes de cumprir 18 anos. Do mesmo xeito, as estatísticas en España revelan que entre o 83% e o 91% dos nenos, nenas e adolescentes sofren actos de violencia en diversas etapas da súa infancia e en múltiples contornos². Igualmente, o informe sobre o “Impacto da Tecnoloxía na Adolescencia”³ sinala que 1 de cada 3 rapaces pode estar sendo vítima de acosos escolar. A pesar disto, menos do 10% das situacións de violencia é denunciada e/ou notificada.

O dano que produce a violencia contra a infancia pode afectar ao longo de toda a vida doneno ou a nena,e en varias dimensións, tanto cognitiva, como física ou emocional. Por iso, é fundamental chegar antes de que o dito dano se produza.

ODía Mundial da Infancia 2024 é un **día mundial de acción para, con e polos nenos, nenas e adolescentes**. Odía para conmemorar a adopción da Convención sobre os Dereitos do Neno, (CDN) o 20 de novembro, nesta ocasión centrado en promover un compromiso de todos os actores, incluída a infancia, para que nenos, nenas e adolescentes vivan en contornos seguros e protectores libres de violencia. Un chamamento ao que se suma a FEGAMP, xunto con UNICEF España e UNICEF Comité Galicia, xa que todos e todas “Somos Infancia”.

QJX62L75HTQTGAS7N
firmado digitalmente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Este 2024, promovamos que o Día da Infancia sirva para reivindicar e focalizar accións de protección fronte á violencia cara a prevención, chegando antes que o dano se produza, e involucrando como axentes activos na súa propia protección aos propios, nenos, nenas e adolescentes, porque tal e como eles e elas nos recordan, #somosinfancia. Son hoxe, son cidadáns cidadás de pleno dereito e co dereito a vivir sen violencia.

Os nenos, nenas e adolescentes teñen o dereito a participar, aportando ideas e propostas sobre os temas que lles afectan, colaborando cos adultos na construción de espazos seguros e protectores. A protección fronte á violencia é unha das principais preocupacións que eles teñen actualmente. Por iso, contribúen a solucionar a aportando ideas e propostas desde os espazos de participación a nivel local.

Por isto, para avanzar na prevención da violencia:

1. Para o pleno desenvolvemento da infancia, requírese, entre outros, a realización do Artigo 19 da Convención sobre os Dereitos do Neno. Polo tanto comprometémonos a impulsar todas as medidas legislativas, administrativas, sociais e educativas apropiadas para protexer á infancia contra toda forma de prexuízo ou abuso físico ou mental, descoído ou trato negligente, malos tratos ou explotación, incluído o abuso sexual, mentres onenose atope baixo a custodia dos pais, dun representante legal ou de calquera outra persoa que o teña ao seu cargo.
2. Avanzaremos na posta en marcha a nivel local da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
3. Como administración máis próxima á infancia e adolescencia, comprometémonos a sensibilizar, formar, establecer espazos comunitarios, involucrar a nenos, nenas e adolescentes, familias e coidadores e cidadanía en xeral na prevención da violencia.
4. Impulsaremos a realización de actividades deportivas, culturais, educativas, de lecer tempo libre, dirixidas á infancia, asegurando contar nelas coas políticas de salvagarda axeitadas.
5. Aseguraremos que os profesionais de servizos sociais, infancia, deportes, educación, saúde, corpos e forzas de seguridade locais, cultura, etc., realizan accións coa infancia, nas cales poden detectar posibles casos de risco de violencia e contan coa formación e ferramentas adecuadas para abordar estes posibles casos.
6. Aseguraremos que os nenos, nenas e adolescentes, como axentes de pleno dereito, en función da súa idade e desenvolvemento, reciban información e formación para autoprotexerse e protexer aos seus pares ante posibles casos de violencia e que se lles ten en conta á hora de aportar propostas vinculadas coa prevención da violencia.
7. Proveremos ás familias, pais, nais e coidadores, ferramentas e apoio en diferentes etapas da crianza, para o exercicio das súas funcións parentais.
8. Realizaremos campañas dirixidas á nosa poboación local que contribúan a superar a, nalgúns casos, visión social permisiva ante certos tipos de violencias contra a infancia.

Asegurar a consecución dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes é unha cuestión colectiva e de obrigado cumprimento. Os desafíos aos que se enfrontan requiren de respostas coordinadas e escaladas, a nivel global, nacional, autonómico e local. Respostas que contén sempre coa súa participación. Por isto, nun Estado como o noso, que ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno en 1990, é fundamental o compromiso e a inversión que fan todas as

QJX62L75HTQTGAS7N
firmado dixitalmente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 2 a 3

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



adoptar modelos de traballo para a prevención da violencia contra a infancia a nivel local, propostos por entidades como UNICEF España.

Con esta declaración a Comisión Executiva da FEGAMP, manifesta o compromiso no marco do Día Mundial da Infancia de 2024.

En Santiago de Compostela, a 16 de outubro de 2024.

QJX62L75HTQTGAS7N
firmado digitalmente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 3 a 3

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación.

Vótase co resultado de que, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión.

O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación.

Por **UNANIMIDADE**, co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. (3 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 BNG), **ACORDAN:**

ÚNICO.- A adhesión á Declaración da FEGAMP con motivo do Día Mundial da Infancia 2024, en todos os seus termos e puntos sometidos a votación.

6. DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO DE 2024

O Sr. Alcalde pregunta se o teñen todos. Non se producen intervencións.

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de setembro que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria transcríbese literalmente deseguido:



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

EXTRACTO DECRETOS SETEMBRO 2024

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00266/2024	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 11-09-2024 (09/2024)	06-09-2024 12:55
00267/2024	BAIXAS E 9ª ACTUALIZACIÓN LISTA DE AGARDA SAF, MODALIDADE LIBRE CONCORRENCIA	10-09-2024 11:16
00270/2024	BAIXA, ALTAS E MODIFICACIÓNS SAF DEPENDENCIA SETEMBRO 2024	13-09-2024 11:59
00268/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11/09/2024	10-09-2024 13:42
00269/2024	APROBACIÓN LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DE 2025	12-09-2024 22:12
00271/2024	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO	13-09-2024 14:04
00274/2024	Adxudicación contrato menor.- ESPAZOS DAS FAMILIAS 4T/2024	17-09-2024 14:53
00272/2024	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 20/09/2024	17-09-2024 14:07
00273/2024	CONVOCATORIA XUNTA GOBERNO LOCAL 18/09/2024	17-09-2024 14:09
00275/2024	SOLICITUDE ANTICIPO	18-09-2024 14:12
00276/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	18-09-2024 14:15
00277/2024	Contratación de Obras POS+ 2024- ACEPTACION PROPOSTA MCP	23-09-2024 12:10
00278/2024	Contrato Menor.- SERVIZO DE MANTEMENTO EXTINTORES- ADXUDICACIÓN	23-09-2024 12:11
00279/2024	Contrato Menor.- SUBMINISTRACIÓN PRODUTOS E MATERIAL LIMPEZA, ADXUDICACION	23-09-2024 13:29
00280/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 25-09-2024 (32/2024)	24-09-2024 14:23
00282/2024	MOVEMENTO POBOACIONAL 3ªT/2024	30-09-2024 11:02
00283/2024	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 08/09-2024	30-09-2024 14:18
00281/2024	NÓMINAS 09/2024	27-09-2024 14:55

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Os membros presentes, **TOMAN RAZÓN.**

7. ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que entende que non se produciu ningún asunto urxente e da paso ao punto seguinte.

8. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Concelleira, D.^a María Belén Salido Maroño, manifestando que por parte deles referíndose ao Pleno de setembro, en relación ao escrito que se lles deu do PXOM, indica que lles parece unha cortina de fume, un papel que ven a non dicir nada, e, como nese Pleno se falou dos plans básicos, quere mostrar un mapa que entrando no SIOTUGA da Xunta de Galicia, pódese observar a planificación dos Concellos de toda Galicia. Na provincia da Coruña os únicos Concellos que non presenta planeamento son o Concello de Monfero e o Concello de Dumbría, que son os únicos dous Concellos que non existe ningún tipo de ordenación; polo tanto, o plan básico e o plan urbanístico, non debe ser tan malo se hai 91 Concellos que se rexen por unhas normas.

Continua indicando que, tamén se lles dixo que o anterior goberno que estivera entre 2011 e 2015, que non fixera nada en ese tempo, remitíndose a acta do pleno do 16 de marzo de 2016, observase que non é como dicía o Alcalde en funcións, que hai un escrito que pode ler e tamén se pode consultar na páxina do Concello, onde se explica perfectamente todo o que se fixo durante eses catro anos, e onde no 2015, cando houbo o cambio de goberno, non era certo que non había empresa redactora do plan, que si había empresa redactora de plan, porque na acta do 15 de outubro de 2016, indicase que hai un escrito da empresa PROES onde pide a rescisión de contrato. Polo tanto, o 15 de outubro de 2016 xa había máis dun ano que había goberno, polo que xa estaban gobernando cando a empresa PROES presentou o escrito no Concello.

Prosegue a dicir que polo tanto todo o que se dixo no Pleno do mes de setembro por parte do Alcalde en funcións é faltar á verdade, e dende o seu grupo, consideran que, vir aquí a intentar enganar ou a rirse da oposición non é o máis correcto nestes casos, porque ao final a quen fai dano no é a eles, se non á veciñanza que está esperando a que salga o Plan Xeral de Urbanismo, que levan 20 anos esperando por él, porque para o ano estase de aniversario neste Concello, porque os trámites do Plan



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Xeral empezaron no ano 2005 e para o ano 2025 van facerse 20 anos do inicio da tramitación do Plan Xeral, que terán tempo de falalo para o vindeiro ano xa que están de aniversario e falaran longo e tendido, e que quixera que constara en acta, que todo o que se dixo no Pleno do mes de setembro non é a realidade, que durante eses catro anos se fixeron cousas e o que consta nas actas o di claramente.

Indica a Sra. Concelleira do Partido Popular que outra cousa que tamén querían falar, que no Pleno de setembro, o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, Lolo, falaba da sinalización, o Grupo do Partido Popular pediu acceso ao expediente famoso, que viña recollida a subvención no programa electoral que presentou o PSOE no ano 2019 e no ano 2023, que viña a falar dunha subvención financiada pola Deputación, para levar a cabo o proxecto de sinalización na parroquia de San Fiz. Unha vez consultado o expediente, puideron constatar que a Deputación enviou un escrito ao Concello o 10 de xaneiro do ano 2023, e que puideron ver que se enviou documentación e no escrito remitido pola Deputación había unha serie de requirimentos ao Concello pedindo documentación, que a súa sorpresa foi que o escrito non foi contestado, que a día de hoxe a piques de rematar o ano 2024 e comezar o 2025, o escrito non se contestou por parte do Goberno Municipal.

Continua a Sra. Concelleira indicándolle ao Sr. Alcalde en funcións, que no pleno de setembro dixo que houbera unha serie de problemas e xa entenden os problemas que houbo, que son que non se contestaron os requirimentos que se fan ao Concello, que a sinalización está sen poñer e o escrito está sen contestar, que conste en acta que eles pediron o acceso e o que se atoparon foi iso.

D.^a María Belén Salido Maroño, indica que tamén queren falar sobre o rogo que fixeron no Pleno de setembro, que se fixese unha visita a esa familia que tanto necesitaba a axuda do servizo a domicilio, e que teñen que agradecer que a traballadora social, que debeu recibir algún tipo de orden por parte do grupo de goberno, sí se puxo en contacto con ese domicilio e se fixo unha visita, pero a día de hoxe aínda non hai nada enriba da mesa que ofrecerlles, e entón a familia segue esperando axuda para esa persoa que está prostrada nunha cama. Continua indicando que seguirán este caso e que están para representar á veciñanza e para defendela, a ver se no pleno do mes de novembro esta familia pode ter ese servizo que tanto necesita, que esperan que así sexa porque realmente, cando se trata dunha persoa que está moi limitada na súa vida diaria e a súa familia non pode atendela ao cen por cento, que a xente traballa e non pode estar as vinte e catro horas pegada a esa persoa, que ten que ter axuda de algún tipo e que esperan que o Concello sí se preste a darlle esa axuda. Deseguido manifesta que pola súa parte nada máis.

Intervén o Sr. Alcalde en funcións, D. Alberto Cortizas Rejo, indicando que en primeiro lugar vai contestar a pregunta do PXOM, que él non sabe de onde saca que él dixo que non existía a empresa, que se reafirma en que dixo que foi que a empresa estaba interesada en rescindir o contrato, que así o pon a acta, e se o pon é pola gravación, interrompe D.^a María Belén Salido Maroño dicíndolle que eles teñen as súas dúbidas e creen que non foi así, continúan reiterándose ambos nas súas afirmacións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Continua o Sr. Alcalde en funcións, co tema da sinalización recoñecendo que é certo que pasou un ano dende o requirimento e que está en mans do arquitecto, que o que lles comentou foi.. interrompe D.^a María Belén Salido Maroño dicíndolle que un ano non, que xa pasou máis dun ano, case dous, o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que non pasou un máis dun ano que bueno un ano, e que tiñan un problema e que había que acreditar a titularidade municipal dos lugares onde se ían colocar esas sinais, e estiveron falando con dous técnicos da Deputación durante este tempo para ver que saída lle podía dar, que pretenden darlle saída máis legal, poñelas na cuneta ou na zona de cuneta, senón terían que conseguir unha cesión de todos os montes ou prados dos veciños para poder poñer as sinais.

A Sra. Concelleira do Partido Popular indica que para poñer as sinais non fai falta pedirle... ao que o Sr. Alcalde en funcións responde que sí que fai falta se é en terreo municipal, ao que ela responde que a cuneta é terreo municipal e que todas a sinais que están postas... o Sr. Alcalde en funcións dille que hai cousas que non se poden poñer en cunetas... D.^a María Belén Salido Maroño indícalle que entón toda a sinalización que hai posta no Concello... D. Alberto Cortizas Rejo responde que non foi posta cunha subvención, e que cando se fai un proxecto así con cargo a unha subvención da Xunta ou da Deputación hai que suxetarse aos seus requisitos. Pero afirma o Sr. Alcalde en funcións, que a subvención non está perdida. Continúan ambos repetindo o anteriormente indicado.

D. Alberto Cortizas Rejo indica que con respecto ao punto número tres, sí que foi a traballadora social a visitala, que a traballadora social intenta darlle axuda o antes posible, pero non quere quitarlle horas a outras persoas que é unha situación complicada e teñen que ver cómo se fai. A Sra. Conceira D.^a María Belén Salido dille que eles non están pedindo que se quiten horas a outra persoa. O Sr. Alcalde en funcións informa que neste momento hai catro ou cinco persoas en listaxe de espera, que as outras persoas que serían once ou doce, non se están dando horas de dependencia, pero déronse de libre concorrencia, agora con esta persoa xa serían seis persoas, e que intentarían darlle o servizo o antes posible sen quitarlle horas ás demais persoas, a ver se é posible. Intervén D.^a María Belén Salido comentando que se lle quitas horas a unha persoa para darllas a outra non ten xeito porque entende que todo o mundo o necesita, o Sr. Alcalde en funcións continua comentando que hai casos de libre concorrencia que se lle quitou unha hora a unha persoa pero neste caso, esta persoa necesitaría moitas horas para que fose ben atendida, pero que xa están traballando niso. A Sra. Concelleira indícalle que dende o seu grupo lles alegra saber que se fixese a visita, que llo dixo a familia, e saber que no Concello houbo esa atención.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

D. Manuel García Deive, Concelleiro do BNG, indica que sí, que quería dicir, sen que sirva de precedente, dar a felicitación ao PSOE e máis ao PP a nivel da Xunta pola aprobación para o Mosteiro de Monfero, que non é sen hora a rehabilitación.

Intervén o Sr. Alcalde en funcións indicando que él o que pode dicir e que xa o ano pasado á Axencia de Turismo de Galicia, que se dixera nun pleno, enviouse un proxecto básico de catro millóns de euros, dita Axencia presentou ese proxecto ao Ministerio para captar fondos Europeos, pero de momento non se sabe máis nada, que foi o ano pasado e non sabe se lles dixeron algo os políticos do Parlamento Galego.

O Sr. Concelleiro do BNG responde que non, que de momento non. Continua o Sr. Alcalde en funcións, indicando que é certo que a Xunta está encima do tema dende o ano pasado, que polo menos se presentou a subvención, porque había subvencións para o patrimonio a través do Ministerio, que viñan fondos de Europa, e que neste caso tiña que ser a Xunta a que presentase o proxecto porque non é titular do Mosteiro pero ten a cesión do mesmo, e a Xunta sí que presentou o proxecto ante o Ministerio, e non saben nada, se houbo resolución, se non llo concederon. Pero aquí ademais entrou por parte da Axencia de Turismo de Galicia para que se emitise informe urbanístico do Concello e que se emitiu e foi o ano pasado no 2023, pero que non saben nada.

Continua D. Alberto Cortizas Rejo felicitando ao BNG e máis ao PP e ao seu propio grupo por poñerse todos de acordo nun tema tan importante para os veciños de Monfero e para toda a comarca; pola unión de forzas.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se producen máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e vinte e tres minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria en réxime de acumulación, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos